

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a través do seu voceiro e a iniciativa do seu deputado **Juan M. Fajardo Recouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos:

O pasado 14 de outubro o Tribunal Supremo ven de anunciar a sentenza sobre o procedemento de despedimento colectivo iniciado polas empresas TRAGSA e TRAGSATEC, ambas dependentes do SEPI, que podería permitir a empresa o despedimento de máis de 1330 persoas no conxunto do Estado das que 117 serían en Galicia.

Na actual situación do emprego en Galicia, esta decisión sería absolutamente inaceptable, polo profundo impacto sobre a economía do país, ademais os datos económicos e produtivos do grupo, 2 anos despois do inicio do procedemento, demostran que a situación ten mudado en positivo sobre as estimacións de perdas e produción que fixera a empresa no inicio do expediente.

Falamos de empresas públicas fundamentais para o desenvolvemento dos sectores básicos da economía galega, que pretende tomar unha decisión baseada na previsión de perdas en 64,3 millóns de euros no conxunto do estado para o período 2014-2019 cando ao mesmo tempo o grupo ven de facer reservas voluntarias de máis de 261 millóns de euros, polo que utilizando apenas o 28% das reservas podería cubrir a previsión de perdas. Dende AGE entendemos que a verdadeira problemática da empresa é a excesiva dependencia política que configura estruturas e cargos alleos as necesidades de produción pensados unicamente como elemento “vertebrador” do clientelismo político bipartidista que habitualmente rexe os destinos deste grupo

público. Un bo exemplo é a continuidade no abono de primas por obxectivos aos mandos directivos e intermedios durante estes supostos anos de dificultades económicas para o grupo, ou a "barra-libre" na disponibilidad de vehículos e carburantes para boa parte deste directivos (200 directivos do grupo cobran máis que o Presidente do Goberno, moitos deles por riba de 180.000€) .

Debemos considerar un factor fundamental nas decisións das administracións galegas ao respecto desta situación, que o grupo TRAGSA é 100% público, que traballa en exclusiva para a administración, ocupando a Xunta de Galicia a segunda posición na cifra de negocio do conxunto do grupo, e ademais, copropietaria e accionista do mesmo, polo que a Xunta non pode ser allea as decisións inxustificadas en termos de redución de emprego que se están a plantexar. Se fose certa a afirmación do goberno do inicio da recuperación, terían aquí un bo elemento para afirmarse nesa liña, impedindo os despedimentos neste grupo e no conxunto da SEPI. Todo isto sen contar o negativo impacto que sobre os traballados encomendados pola Xunta de Galicia ao grupo tería esta decisión-

**Polo exposto formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

- 1.- Que faga todas as xestións necesarias diante do Goberno Central e os ministerios correspondentes para impedir que se leve a cabo este ERE.
- 2.- Dirixise o estado central e a dirección do grupo, co obxectivo de que abra unha mesa de diálogo coa representación legal dos traballadores que permita plantexar un novo plan de empresarial que incremente a capacidade produtiva e de emprego do grupo.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2015.



Asdo.: Juan M. Fajardo Recouso

Deputado do G.P. da AGE.

Xosé M. Beiras Torrado

Portavoz do G.P. da AGE.

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Fajardo Recouso na data 22/10/2015 18:41:05**

**Xosé Manuel Beiras Torrado na data 22/10/2015 18:41:12**